

A RECUPERACIÓN DUN POETA

A nave que parte

30.01.2011 O mundo da cultura galega arroupou onte en Muxía a presentación da fundación que leva o nome de Gonzalo López Abente

JESÚS TRILLO . MUXÍA

Muxía viviu onte unha desas xornadas que fan historia. O salón de plenos do Concello quedou pequeno para dar cabida ás numerosas persoas que non quixeron perder a posta en marcha da Fundación Gonzalo López Abente, quedando deste xeito saldada a débeda que o pobo tiña co escritor.

Alí estaban, asinando ante a notaria Ana Mallada a súa aceptación do cargo de patróns, nada máis e nada menos que o presidente da Real Academia Galega, Xosé Luís Méndez Ferrín; o presidente da Deputación da Coruña, Salvador Fernández Moreda; o representante do Consello da Cultura Galega Francisco Díaz-Fierros; o reitor da Universidade de Santiago, Juan José Casares; o seu homónimo da Universidade da Coruña, José María Barja; o presidente do PEN Galicia, Luís Tosar, e o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez. Formaron parte igualmente da mesa constituínte, ademais do alcalde e a concelleira de Cultura muxiáns, os tamén patróns e promotores da idea Viki Rivadulla, Rivadulla Corcón, Xesús Sambade, Manuel Vilar, Arturo Suárez, e Miro Villar.

Na súa intervención, o rexedor, Félix Porto, tras agradecer a colaboración e participación de todos, mostrou o seu compromiso para poñer en valor o patrimonio muxián". Asegurou que, como decía López Abente, "eu tamén quero navegar nesa nave que hoxe parte...".

O vicepresidente da Fundación, Rivadulla Corcón, e a secretaria, Viki Rivadulla, adiantaron os obxectivos e actividades iniciais da entidade, entre os que estarán o dignificar a figura do escritor, publicar a súa obra, así como elaborar unha unidade didáctica nos centros de ensino do concello, e crear os que se denominarán Roteiros Abentianos.

Da laudatio encargouse o escritor ceense Miro Villar, quen fixo un longo repaso pola vida e obra do que fora membro da Real Academia Galega.

FERRÍN

Revisión crítica da súa obra

Xosé Luís Méndez Ferrín fixo votos, durante a súa intervención no acto, para que se publique e se faga unha revisión crítica da obra de Abente, mentres que Fernández Moreda destacou a importancia de recuperar "unha persoa que forma parte da nosa historia". Seguidamente, ofrenda floral e emotivo recital poético ante a súa tumba, para pechar co himno en galego á Virxe da Barca composto por el mesmo. Un día para lembrar.